

15-8-26

Núm. 33

nós

CASTILLES



BOLETIN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO

Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO

Alfonso R. Castelao

DIRECIÓN E REDAUCIÓN

Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.^o - A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6 pesetas.
Fora da Península	15 ..
Número solto na Península	1 ..
Na Arxentina	60 centavos
En Cuba	30 ..

OS PAGOS SON ADIANTADOS E OS GASTOS DE XIRO DE CONTA DOS SUSCRITORES

Este boletín non pubrica mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideias n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

SUMARIO

Noiturnio IX, por E. Blanco Amor.

A interpretación da Historia e o valor do noso tempo, por Vicente Risco.

Alfonso do Cotón, humorista, por Magariños Negreira.

A vida na Bretaña, por R. Martínez López.

A Edade do Ferro na Galiza, por Florentino L. Cuevillas.

Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza

Os homes, os feitos as verbas, pol-a Redaución.

LEA VOSTEDE

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS
IRMANDADES

Administración Real, 36 — A Cruña



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano VIII ★ Ourense 15 Setembre 1926 ★ Núm. 33

NOITURNIO IX

RONSEL DA MORTE

...apenas miudas verbas pra arumarte
baixo o chío de luz dos astros mortos.—
—¡Toma un feixe de lirios sideraes
pra que acendas no camiño longo.—

Entr'o ceo i-a terra, no feitizo
da noite pura, pol-os vieiros craros
que deixe teu vagar estrelecido,
ei-te seguir por un ronsel de pranto.

Esparexidos karmas e recordos,
nun presente afundidos, sin denantes,
ni-a inmaterialidade dos ensonos
que nos lembren as rosas do teu sanguel

En pô de luar meu corpo trasmutado
seguirá teu ronsel pol-amplo azul,
i-o poustar sobr-os teus, meus labios xeados,
os sete ceos desfaranse en luz.

E. BLANCO AMOR



A Interpretación da Historia e o valor do noso tempo

(EN COL DAS IDEIAS DO CONDE KEYSERLING)

As posiciós do problema da historia

O que poida e o que deba ser feito no noso tempo depende do qu'iste sinifique no noso decir, e polo tanto, d'unha reuta interpretación da historia. O éxito de calquera emprendimento, especulativo ou práctico, depende d'iste problema teórico. Porque, coma di o pensador do qu'imos comentar algunas ideas, onde decide a liberdade, é sempre sobre o erro. Todos temos concencia crara, polo menos, da gravedade das circunstancias e de que, calquera resolución qu'un colla, pode non ter apelación. D'elquí qu'eu pense qu'iste asunto, que me ten ocupado muitas vegadas (1), é asunto que nos importa tanto, coma somentes o Dioibo Universal e o Xuizo Final nos poden importar. Trátase do senso de toda a nosa vida.

Ramón Otero Pedrayo ofreceu faguer n-estas páxinas unha comparanza antr'as ideias de Spengler e as ideias de Wells. Spengler e Wells represenian cecais as mais estremamente opositas posiciós tocantes ó problema da historia.

A *Decadenza d'Ocidente* de Spengler espon a concepción moderna, pluralista, da his-

toria, *copernicana*, lle chama il, representada tamén por Froebelius e polos etnólogos modernos, asegún a que a historia desenvólvese en organismos culturais, independentes que teñen o seu ciclo pechado d'evolución.

A *Historia Universal* de Wells foi escrita, non pra probar – que raramente podun probar – qu'un sostén por lemosia – senon pr'espallass-a concepción do século XIX, unitaria, da historia, *ptolomaica*. lle chama Spengler, asegún a qué, a historia desenvólvese nun progreso sen fin, a través de moitas variedades accidentais.

O Conde Hermann Keyserling (1) ven representar, com'imos ver, unha concepción intermeia antr'as duas.

Amal-as duas responden a diferentes orientacións do espírito. A posición unitaria do progre-

(1) *Galicia y la civilización atlántica*, 1909 (*El Noroeste de Crúes*); capítulo da *Teología do Nacionalismo galego*, na miña Teoría, Ourense, 1920; *En el umbral del Apocalipsis* (*La Ilustración Española y Americana*, 8 Marzo, 1920); *O esperamento dos pobos célticos e o porvir da Europa* (*A nosa Terra*, 1 febreiro 1921); *Gobineau e Murguia, Platón en Portugal e O asunto dos latinos* (en *El Pueblo Gallego*, 1923-24); *En defensa de Taine e Léris* XI, XXIII, XXV, XXVII, XXVIII, XXIX, XXX, XXXI, XXXII, XXXVII, XXXIX, LIX, LX, LXI, LXII en *Galicia de Vigo*, 1924-26; *Ainda unha Historia Universal. A terra e a evolución humana. Estudos en col do Romantismo* (en *A nosa Terra*, Xaneiro, Febreiro, e Xunio e seguintes de 1925).

(1) O Conde Hermann Keyserling naceu na Estonia, o ano 1880. Foi fillo dun castro illiano. Emmanuel Kant foi preceptor d'un dos seus denanepasados. Dende mozo adicouse á filosofía; seguiu primeiro a Kant, e logo a Bergson. Os bolchevikis botárono da súa terra. Vixeron molto activo na India, na China e no Xapón. Veuse pra Alemania, e acolleuse á amparanza do derrotado príncipe reinante, o Gran Duque de Hessen, e co-a sua axuda, fundou en Darmstadt a *Escola da Sabedoria*, á que val xente com o príncipe Carlos Antón de Rohan autor d'un libro ell inspirado, *Die Aufgabe unserer Generation* (o lema de nosa xeración). O Conde Hardenberg, colaborador de *Der Leuchter*, e outros, dos que moitos son dilettantes. A Escola publica un anuario titulado *Der Leuchter* (o candilero), e a-ela gran poeta hindú Rabindranath Tagore.

Ten publicado moitos libros: *Das Gefüge der Welt* (A erdume do Mundo), 1906; *Unsterblichkeit* (Imortalidade), 1907; *Reisetagebuch eines Philosophen* (Diario de viaxe d'un filósofo), 1915, mais coñecido dos escritos, especialmente a edición inglesa; *Philosophie als Kunst* (A filosofía como Arte), 1920; *Schöpferische Erkenntnis* (Coñecencia criadora), 1921; *Politik, Wirtschaft, Weisheit* (Política, Economía, Sabedoria), 1922; *Menschen als Sinnbilder* (os homes como símbolos), 1926; e *Wiedergeburt* (Resurrección) queinda non sei si se publicou. *El Mundo que nace* (trad. de Ramón Tenreiro) ven de ser publicado en castelán pol-a *Revista de Occidente*.

ma da historia representada por Wells, polos franceses da *Revue de Synthèse historique*, e na Alemania tamén, entre outros, polos da escola de Baden: Windelband e Rickert, responde a unha disposición espiritual intelectualista, racionalista, cada dia menos dominante no mundo culto. Asina, nestes pensadores e historiadores, desaparecen ainda; anque moitas veces se queiran disimular, os preconceitos mecanicistas ou racionalistas correntes no século pasado, e as suas concepcións fundanse na especulación racional ou científica - positivista, e non no estudo directo e independente dos feitos.

A posición pluralista responde a unha disposición espiritual que ten xa superado o racionalismo e o positivismo, que se decatou de qu' o intelecto il soilo, non pode abranguer, nin toda a vida do espírito, nin todalas nosas relacións co mundo exterior, nin xiquera construir il soilo a verdadeira cencia, e moi meno servir de guía única da nosa vida. Esta disposición espiritual, que precisamente é a que representa Bergson en Francia, ten no mundo actual unha importancia decisiva, como qu' é a dona do porvir. Reacción natural contra os abusos e ainda os usos do intelectualismo do século pasado, emprincipia a dominar en toda Europa, mais principalmente, na Alemania. Abonda percorrer-as páginas da *Filosofía actual d'August Messer*, ou as de Paul Fechter, en *Der Expressionismus*, ou as do mesmo Keyserling, pra decatarmonos do pensar das novas xeraciós alemás. Hai, non somente un repudio do intelectualismo, senón de toda a civilización mecánica que se yen incarnar no tipo do *chauffeur*. Hai unha crara concencia do morboso da nosa vida.

As figuras mais significativas da Alemania moderna: Walter Rathenau, Joham Müller, Rudolph Steiner, o teólogo de quen xa m' ocupéi en NÓS (1), Ludovic Klages, o grafólogo, de Zurich, o poeta Stephen George, o filósofo «aktivista», Kurt Hiller, representan esta dirección. Crer está que hai entre todos fondas diferencias, que uns collen polo vieiro da visión interior, e outros polo da acción, mais todos s'encamitan, no especulativo, no mesmo sentido.

Polo que levamos dito, comprendese qu' as concepcións históricas dos modernos, veñan mais ou menos tinguidas d'irracionalismo, ou, en senso metafísico, de vitalismo.

Non hai dúbida qu' a esta dirección pertence fundamentalmente o Conde Hermann Keyserling, embora non desbote o intelecto. É un filósofo da cultura, polo xeito e aceitando moitas, a maior parte das ideas de Spengler e Froebenius. Eu querería millor un etnólogo, coma Froebenius. O campo do filósofo é limitado e o do historiador tamén. O do etnólogo abrange o dos dous, e mais tamén o do sociólogo e o do antropólogo e o do prehistoriista.

Keyserling é tamén un pensador activista. Cecais no campo da psicoloxía e das relacións psicológicas, está a sua força meirande. Eiqui imponos ocupar somentes da sua concepción histórico-cultural, desenvolviendo en comento o meu pensamento en col do asunto.

II. Da posibilidade e do circu natural d'acción

«Os coetáneos, en tanto participan da vida xeral, aparecen sempre como filhos do mesmo espírito diante da posteridade» - di Keyserling, na *Introducción* do seu primeiro libro traducido ó castelán. Vel'elquí xa unha observación importante, pra todo o que ven dispois.

Lembrome de que nos meus *Estudos en col do Romantismo*, escribín eu o seguinte, que ven conforme co texto citado: «Crer está que non é doado, nin moi meno, en ningún tempo, pra tanto mais nos tempos de decadencia, atopar pura e sen lixo ningunha corrente espiritual. A y-alma dos homes... vive empapada no ambiente do tempo, e d'í colle pra ben ou pra mal, así o bó com o ruim, en constante misturanza... As correntes espirituales veñen decote infacionadas por outras diferentes, cecais opositas, das que saturan o ambiente do tempo en que se producen. A miúdo, teñen qu'aceitar supostos do ambiente». Compre isto esto en conta pr'espicarmos certas contradiccións, e asegúren Keyserling, as fallas d'orixinalidade.

Falando d'esto, espón tamén a idea, contida xa n'un vello axioma da Kabbalah qu'eu teño citado ben veces, da polaridade do mundo, da dependencia necesaria dos termos opostos. O

(1) Números 18, 17 e 18.

mesmo principio sérvelle pr'a unilateralidá do home, pois «cada luz bota as sombras correlativas». Ideia esta derradeira, en estreita relación co-esta outra, por nós tantas vegadas repetida: ninguén pode crear algo vivo senón é con pensamentos que correspondan á sua personalidade». Porque se non pode auñar co alleo d'un xeito vital». No meio do alleo - os que copian - sempre dán algo de seu, sea por ter comprendido mal, d'un xeito totalmente propio, o que lles trasmitiron, ou por ter mataldo o espírito vivo, desorganizando o único corpo axeitado a ll, ou por ter arredado das suas esautas conexions algún anaco isolado». Esto que o pensador báltico parece apreciar enqui ós individuos, témolo nós dito da y-alma e da cultura dos pobos. E así debe ser tamén pra ll, posto que pra il o individuo, despois de todo, tendo, coma é certo, a máisima importancia, non ven ser mais que o órgano da totalidade, sen qu'o que ten de singular feña valor ningún pr'os demais.

Ora, coma il quer auñar por meio dos individuos, e mais ainda por meio da y-alma dos individuos, establecendo primeiramente o «círculo natural d'acción» (*Natürlichen Wirkungskreis*) de cada un, e determinando ademais a posibilidade total, o que pode ser, en orde á realización do senso mais fondo e permanente da realidade, que é fin qu'il concibe, atopámonos enqui xa co problema da liberdade humán.

Keyserling deixa fora, prácticamente, iste problema, dicindo que inda que se probara unha predestinación cósmico-astrolóxica, isto non ten que ver pr'o qu'il quer, pois il xa conta con qu'iso poida ser certo, e a liberdade qu'il busca é por unha beira, precisamente a realización do fado, ou o seu aproveitamento, e por outra, aque pode ser tendo o fado por certo. Ben está, mais ainda temos que, nin a determinación da posibilidade, nin a do círculo natural d'acción se poden faguer sen estudal-o problema do determinismo.

É unha cousa curiosa a que pasa no noso tempo: por unha banda, non somentes está desbotado o determinismo psicolóxico dos positivistas, senón qu'ainda no mundo da materia, a doutrina da continxencia das leis naturás, e certo relativismo filosófico - non o físico - tenden a suprimir e fatalidade mecanicista. Por outra banda, as ampias concepcións com'as de Spengler, Froebelius etc, son más ben deter-

NÓS

ministas. Spengler chega a supor unha influencia astral sob'o desenvolvemento da historia. Keyserling afirma que slute fondamente a gravidade do fado cósmico... O que pasa é que chegamos a un novo determinismo.

Por duas veces cheguei eu a iste problema; esta é a terceira. E d'esta vou resumir, e precisamente n'un senso ben imitante ó do mestre de Darmstadt.

Non hai dúbida pra min, en qu'o home é libre. Poderán os argumentos clásicos a prol do libre arbitrio, especialmente a que chaman proba intrínseca, non ser concluyentes; mais o que se funda no testemuño da conciencia, merece unha maior consideración. Quén me vai convencer a min do contrario, cando me sinto libre? O qu'a esto opuxo Stuart Mill, non ten valor: adentro da escolástica respondeselle d'abondo, coma fixo Mercier. Xa algúns Kantianos afirmaron a liberdade, coma Renouvier e Sécretan, e antr'os modernos, W James, Bergson, Boutroux, Bostroem. Mais o que mais rexamente a establece é Lutoslavski. Afirma o filósofo polaco - un verdadeiro precursor, e quien sabe s'inspirador de Keyserling: eu atopo antr'iles moita semellanza - qu'o auto da vontade, nin é a deliberación, nin a decisión, nin a execución, senón un cambio que ven do suxeto que quer, e que concerne ó corpo, á vida psíquica ou ás outras almas; a maior parte do que facemos é sen verdadeiramente querer, obrando pasivamente; mais hai un auto de emancipación, d'auto-conciencia da liberdade - ó que Wronski chamou *auto-criación* - e que transforma a vida psíquica aseguir os fins qu'o individuo se propón. É o experimento da personalidade, que ten unha evidencia ausoluta. D'este xello, a liberdade é de seu evidente, embora se non demostrara.

Coido cousa crara qu'o home é dono de determinar a sua vontade, no querer, na iniciativa, na escolleita dos motivos. Mais, en primeiro lugar, o que poida ser libre, non indica qu'o sea en todos os casos; polo contra, o home raramente é libre no seu querer: o querer libre é relativamente excepcional. Segundamente, unha cousa é o libre querer, e outra o condicionado obrar, polo home libremente querer, mais poucas vegadas ha poder facer o que queira: unha que non é dono do éxito das suas obras, que non pode evitar que se ll'altra-

vesen empedimentos no camiño, qu'as suas forzas cansen sen chegar ó cabo; e outra, que si é libre pr'escolmar os fis, non-o é pr'escollellos meios, senon que tense qu'até os que son axeitados pr'o qu'il quer, antr'os que se ll'ofercen n'un instante dado... É que s'atopa no meio do mundo, e o mundo non é todo masa mol que colla pasivamente o fetio qu'o home lle queira dar. Ben lonxe, non é tampouco a inercia a única resistenza que ll'opón, senon qu'hei n'il outras muitas forzas ativas qu'à sua volta autúan sobr'o home.

Chamamos nós *mundo*, ou *natureza*, o conxunto de todol-os seres e de todal-as forzas que coñecemos, e atrás dos que sospelamos pol-o menos a posibilidade d'outros seres e outras forzas coñecibles ou incoñecibles. En suma: tod'aquello que non é nós mesmos, o *non-eu* dos filósofos alemás do século pasado. Crear está qu'esta oposición *eu-non-eu*, suxeto-ouxeto, é inevitábele, mais é artificial, e en tanto tende a segregar o home da natureza — oposición home-mundo — falsa. Presentáñase aquí ademais o grave problema metafísico de si os corpos naturás e os seres vivos que nos presenta a realidá dada, son sínteses de forzas, resultancias de forzas eisistentes en si mesmas, concebidas como causes d'aqueles (mecanicismo, enerxelismo, etc), ou as forzas son producidas e teñen nacencia nos corpos e nos seres dados, ou sea, pr'o asunto d'agora, se tales seres e corpos son causes principais ou secundarias. Asunto que deixaremos, sendo d'abondo amositar qu'entramal-as duas suposiciós son posíbeles, e lembrar que a análise que fai a cencia da realidá imediata, pra reducila a elementos o mais simpres e homoxéneos que se poida, chega por precisión a compoñentes derradeiros tan inespricábeles como son os individuos dados na sua individualidade; pol-o que, pr'o asunto que nos ocupa, ven a ser igual qu'o pranteemos no imediato ou qu'o traslademos ás realidades derradeiras determinadas pol-a cencia.

O conto é qu'o mundo ou a natureza é un conxunto d'axentes, primarios ou secundarios, cada un dos cuales obra sobr'un número determinado dos demais. Cada home é un d'ises axentes.

Ora, da acción combinada d'ises axentes, uns encol dos outros, resulta unha grande va-

riedá de fenómenos, a repetición de moitos dos quales, ali onde chegan as nosas observaciós, permite estudalos nas suas causas determinantes, predecilos, clasificalos e ordealos en grandes categorías (fenómenos mecánicos, físicos, químicos, biológicos, psíquicos, sociás). Vé'lquí o que fan as cencias.

E pra millor esplicarmol-a repetición dos fenómenos, adotámos supón que cada un dos axentes naturás, primarios ou secundarios, obra aseguir a sua natureza, ou sea aseguir determinadas propiedás que posé, en todos lados igual, d'un xeito necesario. E niste caso, unha de duas: ou pensamos qu'o home vai cegamente com'os maiores, ond'o leva a sua natureza; ou pensamos qu'o home somente — ou se candra tamén outros seres superiores ó home ou limitantes a il, mais descoñecidos da cencia — ten sobr'os demás axentes o privilexio da autodeterminación. En ningún dos dous casos se nega a interacción dos axentes naturás, nin polo tanto resulta negada necesariamente a posibilidade da influencia dos outros axentes en col do home.

Ainda pode haber outra concepción: podemos pensar que cada un dos axentes naturás é orixinariamente libre por inteiro en si, anque condicionados todos despois pol-a sua interacción, cada un polos outros, ou pol-o agrupamento adentro do qual desenvolve a sua acción — ou seu meio. Pódese mismamente pensar que todos iles son espirituás e ata coscentes, coma fai Lutoslawski no *eleutherismo*, que, concebindo o mundo com'un amoreamento d'almas — almas en diversos grados d'evolución: «unha célula é un agrupamento de móndadas-almas — animado por unha móndada superior, subordinada a outras, e dependendo todas da móndada central — polipsiquismo — o *eu*, que só depende das suas capacidades pra realizar-as suas vontades». (—) — suprime n'un senso novo a diferenza d'alma e corpo, chegando a concebir a materia com'unha apariencia, unha ríola d'ímagens: é a monadología de Leibnitz trasferida a outro conceito realmente oposto, xa qu'as móndadas leibnitziás, identificanse cos átomos.

Tampouco esto fai variar sustancialmente o noso asunto. En calquera dos supostos, cada axente natural, primario ou secundario, determinado ou libre en si, material ou espiritual, obra sobr'un número indeterminado d'outros

axentes, e atopa, crar' está, outras aocións que se llopoñen, ás que se ten que conformar na sua acción, co-as que ten que colaborar, ou loitar que ven sel-o mesmo. Esta interacción dos axentes naturais, libres ou non, mais condicionados pol-o seu interacción, orixina as repelencias de fenómenos, os costumes, os hábitos que nós chamamos leis da natureza, e que para nós é coma si o fosen, pois dános a sensación d'un xogo fatal e necesario.

A resultante total - si é qu'é unha resultante, porqu'ainda se pode pensar n-unha entidade total, unha *vida unha* ou *Anima Mundi* subacente a todolos fenómenos e causantes d'iles, co qual cambia a perspectiva toda, agás a relación do determinismo co-a liberdade humán, que fica subsistente atal e com'a potencia - a vida universal, sen tender ó equilibrio, pois nin com'entidade si o fose, nin coma resultante, pod'eu pensar que sea mecánica; sen tender tampouco ó mínimo esforzo, coido eu que busca unha sorte de *tensión meia*, que precura de cote, en total e en cada caso, o camiño mais doados.

Móvese o home n-esa corrente de vida, sotagado no océano das forzas, suxeito a millores d'aocións e reaocións. Pode dominar, sen dúbida unha pequena parte d'elas: no gran océano da vida, pode trazar un circu, cada dia meirande se queredes, adentro do qual vai exercendo a sua influencia, forzando ainda, se cadera, un pouco eiquí e ali, algunha das leis da natureza; mais con todo iso, non fai mais qu'o que fan os outros seres vivos, e ata certo punto os que nono son: loitar pr'aseguralo seu posto na vida universal, no concerto total dos seres e das forzas, aproveitando ademais para os medios qu'a natureza lle dá, xa que sin eles non podería vivir.

Todo nos amosira ó home en íntima dependenza da natureza, do mundo exterior, d'onlil saca tanto precisa. Somentes quen estea cegado pol-o racionalismo, pode negar a influencia da indicación astral, que deu orixen a unha ciencia, a astroloxía, que por mais qu'a deian por falsa nos seus detalles, elo non desfai o seu derradeiro fundamento; do medio xeográfico, que Ratzel e os seus seguidores escoimaron a sistematizar, e que s'exerce non somentes no senso qu'os inqueridores da antropoxeografía estudaron, senón d'outro xeito

NOS

misterioso que cecais a ciencia futura poderá esculcar; da herencia fisiolóxica e psíquica, que transmite no sangue o corpo e alma das castas e das razas; da tradición, herencia espiritual qu'enrequeña e conforma o espírito; do ambiente social que nos trai todolos incitamentos e probremos do tempo. Outros tantos lindeiros que coutan o noso campo d'acción; mais tamén outras lantes forzas que podemos aprofundar pr'a creación do posibre.

Keyserling comprende os todos en dous: *infruxos cósmicos* (meio ambiente; infruxo astrolóxico, ó que da moita importancia; infruxos que determinan as épocas xeolóxicas; clima; circos culturais; lindeiros de tempo; providencia divina), e *herencia* (transmisión do sangue e tradición). Da sua força no individuo, di que cando lle pergunta a un discípulo cales son as causes nas que non pode trocalo seu fado, acha que son o 90 por cen das que o fan malnacer. E da sua força nos pobos, que s'ollamol-a costrición do infruxo cósmico e a herencia n-un país, temos que recoñocelo estreito que é na vida dos pobos, o marxe das transformacións posibles. E en suma, qu'a liberdade ten que recoñocelo fado.

Por iso dixen eu hai tempo qu'a ideia de buscarnos nós o mais doados, asegún as nosas disposicións mesolóxicas e hereditarias, é unha ideia ética, porque vai d'acordo co-a verdade, que é causa qu'está fora de nós, e qu'ollab'as causas escrusivamente dend'o lado da nosa liberdade natural, paréceme un erro.

III. Historia, cultura e técnica

Keyserling dá por boas as concepcións históricas de Spengler e Froebenius. Cultura é unha forma de vida, expresión inmediata do espírito. Non somentes a cultura occidental, senón todolos culturas tradicionais están en decadencia. Isto acontece porque o acento que dá senso á erume da y-alma pasou do intransferible (a parte irracional, instintiva, sensitiva, do noso ser) ó transferible, ou sea, ó intelecto racional; a conciencia centrouse n'il e arredouse do tradicional. O froito característico do intelecto é a técnica: as máquinas, o qué, sendo evidente para todos, vaise adonando do mundo inteiro, e matando a cultura tradicional en todos lados. O qual deu nacencia

un novo tipo humán: o *chauffeur*, o home primitivo adubado pol-a técnica. O *chauffeur*, esencialmente inculto, materialista e antireligioso, forma a mase; os directores son o político e o financeiro. Co-esto, a vida perdeu inteiramente o *senso*. Veleiquí o que hai de simpático no noso tempo; as forzas cultas qu'ainda sosteñen o tradicional, non sinifican.

Non hai que perder a espranza. O mundo presenta un aire de mocedede. Unha nova cultura pode vir no futuro. A técnica ten que esmorecer na atención dos homes, xa que se fixo evidente, e tod'o que poida abranguer, está xa previsto. O intelecto ten que chegar a descobrir que il non é a totalidade da vida, e voltarase car'o lado fondo e irracional da y-alma. D'aquela *poderá* vir unha nova cultura, que d'esta vegada ha ser *ecuménica*; mais non *terá* que vir.

Ora, se ven, moveráse no mundo seguinte: un mundo de fortes tendencias universalistas, e de rexo escrusivismo nacionalista e particularista – xa o etnógrafo francés A. Van Gennep probara d'un xelito científico, no seu recente libro *Les Nationalités*, que tanto mais se multiplican as relacións e s'affirma a interdependencia dos pobos, mais s'affincan e s'affondan as diferencias nacionais –; un mundo de fonda división de clases, tendendo á organización en castes; un mundo de feitío aristocrático e hierarquizado; un mundo no qu'a exaltación do individuo ha chegar moitas vegadas ó cesarismo; un mundo cheo de tensión e d'antagonismo.

Iste é o mundo que vai vir, e n-iste mundo, ha ser posible un verdadeiro *progreso*.

Il será certo esto que di o filósofo de Darmstadt? Non sei. No noso tempo hai un verdadeiro abuso da profecía. O meu ver, hai na creenza do Conde lituano unha exagerada estimanza do qu'está perto de nós, do austral; atópole pouca prespectiva. É que non hai ainda *distancia* para apreciar os feitos qu'están pasando. E a Keyserling perécenlle esmusradamente grandeiros, e entroques, fánselle pequenos demais os feitos pasados. Spengler si que ten perspectiva; domina o presente d'outro xelito e se non deixa engayolar da apariencia. Esta perspectiva é o que é o senso da historia. Outra cousa que me fai desconfiar de Keyserling, é qu'espresa o *porqué* dos feitos que

suceden d'un xelito cuxo defecto xa sinalou Spengler, que é supondo n-iles unha causalidade com'a causalidade científica; a sua síntese é ademais imitante e está infruída moitas vegadas, pol-a dos *filósofos da historia* do século pasado. Tamén os productos do intelecto, créados ou assimilados, pasan ó inconsciente, e operan dend'ali.

Crar'está que é indudable o feito da decadencia da nosa cultura e das anteriores. Todas elas camiñan á morte, mais tarde ou mais cedo (Spengler), anque poldan resucitar (Froebenius). Tamén é certo que o mais doado é qu'o mundo futuro, pol-o menos o qu'está mais perdo, e o que nós veremos dende logo, ha ser pouco mais menos imitante á visión de Keyserling. A sospeita xeralízase, e faise cada día mais nida e afiada.

Non é elqui ond'está a dificultade, senón en qu'a visión histórico-profética de Keyserling é ecléctica, e todo ecletismo é, poi-o menos, sospeitoso. O feito é qu'il quer resolver n-unha síntese, a oposición radical entre as duas concepcións da historia: a vella concepción unitaria, que Spengler chama *ptolemaica*, que prevén das especulacións aprioristas dos filósofos post-kantianos, e na que se funda a teoría do progreso; e a nova concepción pluralista, ou *copernicana* de Spengler, que prevén da etnoloxía e da socioloxía moderna, afincadas nos datos certos da observación. En calidá d'amigabre compoñedor ou d'home bó en auto de conciliación, o filósofo de Darmstadt chega á transacción seguinte: a concepción de Spengler é valedeira para toda a historia ata tal día coma hoxe; mais araspora as cousas cambiaron totalmente, e d'oxe adiante ha ser xa posibre o progreso indefinido. D'iste xelito tan sinxelo, qu'é com'o conto do ovo do galego de Génova ou do xenovés de Pontevedra, todo Dios fica satisfeito, e Herr Spengler e Mr. Wells pódense dal-a mansen incombenente. A este xelito de filosofía chamoo eu *Filosofía de compromiso*.

O seu vicio vése doadamente. En primeiro termo, logo s'apercibe qu'esta precisión de conciliar o que non é conciliabre, responde ó estado de espírito de quen quer, cuse, o que cuse, salval-a sua fé no progreso, comprometida por certas concusións fundamentais e fundamentadas do pensamento moderno, e das

que se non pode negar a evidenza. Responde á espranza qu'á anima as creencias de todolos progresistas... O Conde Hermann Keyserling, home moderno, crê no progreso co-a sínxela, co-a inxenua fé do Conselleiro Pinto Porto d'Eça de Queiroz, ou do Dr. Molécola de Otero Pedrayo. O precursor da cultura do porvir, leva dentro de y-alma o mais grave dos prexuzos do pasado recente...

En segundo termo, e sen que teñamos en conta a orixe psicolóxica da sua doutrina, imos ver que valor podésta ter. Porqué cambearon as causes de tal xeito que a teoria da pluralidade das culturas, valedeira ata hoxe, non ha ser d'equí adiante, senón qu'a cultura que naza ha ser xa pra sempre ecuménica, intelectualista e progresiva? Responde Keyserling: porqu'o centro de grayedá da vida humán deslocouse pr'o intelecto. É certo: o intelecto é hoxe, ou semella ser, o centro da vida - anque non quite que calquer outro filósofo nos veña probando o contrario; mais concedamos - ; il, que non é mais qu'un sempre meio pr'a realización da vida - causa probada dend'a bioloxía e dend'a filosofía -, soberbio dos seus trunfos sobre da natureza, revoltouse contra da cultura en todalas suas formas, o que é igual que revoltarse contra do espírito, e no fondo, contra da vida mesma. Como qu'a creencia ilusoria no progreso e na unicidad da cultura, e a concepción suicida da vida humán com'una loita contra da natureza, é un feito d'esta revolta do intelecto. Moi ben; mais pra qu'a secuencia que saca o pensador báltico fose certa, cumpriria qu'esto non houbera acontecido enantes do noso tempo, qu'esa fora a primeira insurrección da intelixencia, a primeira época intelectualista, en suma: qu'esta causa non tivera actuado deicagora. Mais Spengler proba que en todolos estados de civilización se ten producido este feito, e que non é causal, senón en tal caso, causado.

Cómo d'aquele non ganou a batalla? Responde Keyserling: porqu'endexamais actuou co-a força qu'agora. Eiqui temos precisamente a falla d'esauta perspectiva histórica: habería que probalo, principalmente, no que toca á intensidade, que é o que importa. É ésta a época de meirande intensidade do intelectualismo en toda a historia? Quén o pode afirmar?

NÓS

Hai ainda o argumento da estensión, principalmente no senso xeográfico, único indiscutible, ó primeiro ollar. Pódenos, pois, sair ó paso con que a área da nosa civilización é meirande qu'a de ningunha outra. Mais esto tam-pouco é verdadeiro mais qu'aí a certo punto. Porque, poderá ser meirande a área d'espallamento, mais nono é a d'produción. Efectivamente: a parte nuclear, en qu'esta civilización é consustancial co fondo humán e está en concisión c'una cultura, comprende pouco mais menos a mesma área qu'a cultura antiga, pois s'a nosa abrangue as terras do N. d'Europa, aquela colla as do N. d'Africa, e ainda as do N. d'Europa, son na nosa, asegún Spengler, *provincias*. Tocantes ás áreas d'espallamento, tanto queda ó S. do Mediterráneo e ó E. da fronteira rusa, son terras en qu'a nosa civilización é sempre *pseudomórfose*, e a América non é mais que *colonia*. Do mesmo xeito, a área de producción da nosa civilización, é visiblemente menor qu'a da cultura árabe.

Por outra parte, Keyserling dalle demasiada importancia intrínseca á revolta do intelecto, o qual hai que ter en conta qu'endexamais se poderá mancilar de todo, pois non pode prescindir do vital. A vida é suposo necesario, imprescindible, de toda cultura e de toda a civilización. E o vital da y-alma non está no intelecto, senón precisamente no outro: na parte irracional, instintiva, qu'ainda na esfera do entendimento, false intuición da vida total.

En resumo: aquello en que Keyserling se mantién d'acordo co-as concepcións modernas, pluralistas, da historia, vai seguro, mais non fai outra causa que repetil-o que outros dixeran; aquello en que s'arreda d'iles pr'a amosar a vella idea do progreso, non pode probar as suas afirmacións.

O que se saca en limpo da sua concepción histórica, é a incompatibilidade austral, nida, flagrante, evidente, entre cultura e téinica. Keyserling logra demostrar, non somentes qu'a téinica está matando todalas culturas - ou restos de culturas - tradicionais, senón que non ha ser posibre unha nova cultura no porvir, namentres a téinica non perde a sua dominanza no espírito dos homes. Vel'eiqui algo d'unha evidenza ausoluta, que ningún home que sepa ollar ó fondo das causes, poderá negar. D'e-

qui que a oposición *cultura-natura*, que dominia nos espíritos superficiás, deba ser trocada n'est'outra: *cultura-técnica*. Non quero decir co-esto que se poida nin siquera que se deba priscindir da técnica, aquello fora pra min cousa de desexar, senón simpremente que se non poña a estimanza que s'adulta pôr; que nona poñamos, como prácticamente se fai, porriba dos outros valores, senón nin tan siquera porriba d'iles; que deprendamos a ver n-ela, o mais, un mal necesario, e a defender da sua noxenta brutalidade canto represente un valor de cultura.

Porque así como a oposición cultura-técnica fundase na realidade dos feitos, a oposición cultura-natura, fundase en espresións metafóricas que, repetidas moitas vegadas, chegaron a ser preconceitos, que logo querían verificar con interpretacións arbitrarias dos feitos d'observación e dos grandes feitos da historia. É unha cousa artificial e falsa, porque se non pode prescindir, nin ter por nemiga á natureza, da qual o home é parte, queira non queira, coma que moi do seu mal veu de ter esquecido o que ten de besta, sen que se poida, coma xa vimos, faguer independente da natureza, adentro da qual, e sacando d'ela todo, ten que vivir a cultura, a qual é tal cultura, naméntras se sinte, conscientemente ou non, en solidariedade co meio natural, e aixiña que d'il se quer faguer independente, dexenera en civilización e morre. Co-esa falsa oposición cultura-natura, tratan certos filosofastros de xustificá-la sobreestimanza da técnica.

Contra da oposición cultura-técnica, pódese opôr qu'a técnica é precisamente filha da cultura. Eu direi que, rigurosamente, non é filha da cultura, com'a doença nono é do corpo ond'aparez. A técnica responde a un estado morboso da nosa cultura occidental.

IV. Progreso e doença

Dixemos qu'o Conde Keyserling é un creente no mito do progreso. A ideia do progreso, qu'ainda comparte o vulgo semi-culto - o *chauffeur* de Keyserling - xa non ten creto no mundo verdadeiramente culto. Nino pode ter. Xa a desbotaban os historiadores serios do século pasado, Langlois, Seignobos, Lacombe... Nietzsche escribeu: «O progreso é unha ideia moderna, ou sea unha ideia falsa».

«Chamamos progreso - di Seignobos - a todo cámbeo que val no senso das nosas preferencias». A ideia do progreso é polo tanto un suxetivismo. Lonxe de ser un feito probado, o progreso é unha esperanza que poucos s'estreven a perder. Unha esperanza, e non un convencimento. Cada un agarda qu'o progreso dos tempos ha traxuelo triunfo do qu'il quer. D'elquí que se non entiendan endexamais os filósofos, cando queren pôr en claro a esencia do progreso... Pol-a contra, os doutrinarios mais opositos, ampáranse igualmente do progreso e queren recadalo pra si. Non hai millor proba de que non hai unha dirección determinada qu'efectivamente sea o progreso... .

O progreso é unha ideia escrusivamente moderna. Certo que ll'atopan precedentes, ata en San Agustín e Paulo Orosio, mail-a ideia d'aquiles era totalmente diversa do que os contemporáneos do Dr. Molécola chamaban progreso. A ideia do progreso é contemporánea da nacencia da nosa civilización, ou sea do comienzo da decadencia d'Ocidente, que Spengler pón polo ano 1800. Pirmeiro tivo un senso escrusivamente político: o progreso era o triunfo das ideias liberais; logo, foi trocando d'ouxo: polo a liberdade de pensamento, passou ás descubertas científicas, e d'ali á técnica, onde por fin, atopou acougo. Noción apriorística qu'andivo pelegrinando, sen atopar arbre de qu'aforearse, ata que por fin, os progresistas deron c'unha cousa qu'efectivamente progresaba. Progresaba? Todo prograsa: un señor prograsa nos seus estudos, outro no manexo da garlopa; prograsa un negocio, prograsa unha plantación, progrésase no estudo d'un problema... Todo prograsa. E todo chega un instante que deixa de progresar: o neno que medra e vaise facendo home, prograsa; despois, faise vello e xa non prograsa mais; decai e morre. Os pequenos progresos parciais, ningúen os nega; o que negamos é que haxa un progreso total, e que haxa un progreso, parcial ou total, indefinido. Crer está, qu'entre todos os progresos parciais, o de maior bulto é o da técnica, e por iso s'apegou a il o mito do progreso. Mais ainda iste progreso parcial ha tel-a sua fin; tamén a técnica moderna ha ter a sua decadencia e morir.

Dixemos qu'o progreso é unha ideia escrusivamente moderna, e Keyserling esprica o por-

qué: porque coincide co medro do intelecto. A ideia do progreso se non podía dar mais que no noso tempo; é unha maneira de ver, cecais a maneira de ver do noso tempo. Tanto qu'unha ideia mais moderna: a da evolución, ideia escorrelamente científica e fecunda, cando apareceu na conciencia ouidental, naceu contaminada co-a ideia do progreso, e deu lugar a unha chea d'hipótesis ausuradas e d'interpretacións abusivas dos feitos naturás.

O mais curioso é que, sendo o progreso, por hipótese, unha causa boa — a ideia do progreso é a mais optimista que se pode dar; xa indicamos como satisfactoria a todos — víñera coincidir co-a mais ruín das creacións humanas.

Digo qu'a téinica — aplicación da mecánica, do vapor, da electricidade, da química, etc., ás necesidades elementales da vida, cos seus sistemas de maquinarias e d'inxertos diversas, qu'en definitiva é o qu'a xente entende por progreso — é a mais ruín das creacións humanas, en primeiro lugar, pol-a balxeza do seu rango na hierarquía natural dos valores, pol-o seu sol de puro meio non indispensábel — pois é evidente que se pode vivir perfeitamente sen elas — e pol-a caste visiblemente inferior de necesidades a qu'atende. Segundamente, pol-a mesma consideración de ser meio non indispensábel, e terse así e todo erixido pouco menos qu'en fin, ou d'outro xeito, ter determinado a orientación da actividad ouidental cara fins inferiores, e en realidade, si non sempre estranos de todo á cultura, doadamente capaces d'oposición á sua realización. En efecto, o mesmo Keyserling reconoce qu'a ideia moderna do progreso, na civilización téinica, «consúmese na ideia de qu'o milloramento das circunstancias materiais, morais e espirituais da vida, esgotan o senso da vida». O perigo qu'esto leva pr'a realización do senso da vida — sinificación, ó cabo, de toda a cultura — se non sabría encarecer. Afasta a actividad do seu vieiro natural, elevaa a s'egotar lonxe do seu fin. Terceiramente, pol-os seus efectos destrutores no orbe inteiro da vida individual e social, especialmente, pol-a sua acción específica na alma e no corpo do home, do qual hei falar mais adiante n-outro traballo. Eiqui resumirei dicindo qu'o progreso téinico é unha sobrevaloración do inferior, unha desviación da actividad, e mais unha acción destrutora.

NÓS

D'elquí que, coma reconoce Keyserling, non mentral-as gresas civilizadas, nas que dá o tono o *chauffeur*, «o bárbaro civilificado», son creentes no progreso, as minorías escolleitas, que levan varias xeraciós d'adianto sobr'os demás, que chegaron ó cumio no desenrollo do intelecto, non somentes desbotan o mito do progreso, senón qu'estiman o progreso da téinica e a civilización das máquinas, como oposto á vida e polo tanto á cultura, que é unha manifestación da vida, e se volvan do lado do irracional, desestimando o intelecto. E levan razón. De cole caraterizáronse os estados de civilización por unha baixa na vitalidade; mais esto endexamais se fixo notar coma no noso tempo. É qu'o progreso téinico, co seu orbe económico, acocha por baixo do seu aparente dinamismo, un principio antivital, fundamentalmente tóxico. Precisamente, Keyserling esprixa o feito de qu'a civilización sea sentida no noso tempo com'oposto á vida, por ese debilitamiento da vitalidade.

E aponillo a duas causas, ó meu ver atinada anqu'incomprendidamente: que 1) o intelecto, reprimindo o irracional — que é o vital — arredouse das suas raíces vivas, e chegou a ser un poder perturbador, porque 2) esgotou as suas posibilidades positivas.

E asina voltamos ó tema indicado no final do capítulo anterior, qu'agora vai ser probado. Dixen ali qu'a téinica responde a un estado morboso da nosa cultura ouidental, e que non era mais filla da cultura qu'a doença do corpo ond'aparez. Eiqui precisamente está unha das miñas reservas con respecto á teoría de Spengler. Coida Spengler qu'o noso é un estado de civilización, de decrepitude, de decadenza, estado normal, no sol-pór de todas as culturas, estado senil ó que leñen que chegar por forza. Mais eu non podo, anque queira, deixar de ver na nosa civilización algo d'anormal e mostruoso que non parez que se dera en ningunha das coñecidas. E non é somentes o elemento satânico, de que fala Keyserling, tan importante no noso tempo, senón mais ben o elemento mecánico, que ten tamén o seu contido satânico, sen dúbida, mais qu'ainda que non tivera, non deixaría de ser teratológico. Foirá acontecer qu'a visión de Spengler non fora todo afilo esmita, e qué, ond'il non vé mais que decrepitude, houbera molto tamén de doença aguda.

Compre faguer un estudo co-esta maneira d'enxergar, pra isolar na nosa civilización, as formas puramente seniles, das formas patológicas.

Keyserling, insistindo na importancia da téinica e da revolta do intelecto ábreos un vieiro priste estudo. Por eixemplo, pol-o que se refire á revolta do intelecto, non hai dúbida, que s'unha parte da y-alma s'hipertrofia, hai doença; o equilibrio da vida espiritual crebouse d'un xeito que non pode por menos de comprometel-a sua integridade funcional. Hai eiqui xa motivo d'abondo pra sospeitai-a doença, s'a téinica mesma, sen irmos ós seus fundamentos psicolóxicos, nonos ofrecera síntomas tan graves com'a superproducción económica, o automovilismo ou a radiomanía, dos que cada un é de seu unha r'enza social. E ainda a produción do tipo, pra Keyserling primitivo pra miñ dexenerado, do *chauffeur*. Un dos meirandes trabucamentos do filósofo de Darmstadt é sen dúbida o de pensar qu'o mundo moderno, nos meios e nos individuos ond'o progreso se manifesta, ten mocedad. Non hai tal: os vellos, querendo ou sin querer, imitanse ós nenos, ás vegadas. Keyserling está cegado pol-o optimismo, iludido pol-o vezo da misión a que se siente chamado. O qu'il pensa ser pulo xuvenil son ó millor as caranxoñas da eistrema senilidade. As meixelas tamén collen coor co-a febre. O *chauffeur* ou é un tipo patológico ou é un tipo de decadenza. Moitas vegadas, dése nos que xa son *felahs*.

Non farei tampouco mais qu'indicar, antr'ou-tros efectos morbosos; o aumento asombroso

do traballo social, o capitalismo, o periodismo, a colonización, o trasego de vicios e loucuras que leva a cabo a felicidá das comunidades, etc., etc. Tampouco hei d'insistir no feito evidente da manifesta utilidade da mór parte dos adiantos da téinica criadora de nece-sidades artificiais e as más das veces perniciosas. E ainda non son eu o pirmeiro en afirmar qu'o home moderno criou co progreso téinico, a mais ruín, a mais noxenta, a mais estesa, a mais universal e se cadra a mais duradoura das escravitudes, unha escravitude que colle a todos, grandes e pequenos, pol-o home moderno, criador do progreso, ven sel-o es-cravo e a vítima do progreso. Xusto castigo do que se pensou domador da natureza.

Mais pra emprendel-o estudo, compre desbotar primeiro o prexuizo optimista de qu'anida participa Keyserling, d'atopar unha síntese salvadora. Il non quer perder ren, por illusión ou dor medo. Vidente e lumioso por vegadas, se verdadeiro moderno, vólves'outras ausoluta dogmático, com'os d'enantes. Aprecia cou-sas moi dínas d'estimaña, pois ten o espírito aberio e agudo; mais ó mesmo tempo, eu vexo n'il a mesma desconsideración do transitorio a mesma arela do definitivo e feito, qu'en todolos teóricos. Esto pono lonxe do que debe ser un verdadeiro realista intuitivo, e relativista moderno, de vision copernicana.

Retenamos d'il, pol-o menos, unha cousa, pol-o de pronto, unha afirmanza: a vida ten un senso. Busquemol-o senso da vida. Autue-mos asegún o senso da vida.

VICENTE RISCO





Alfonso do Cotón, humorista



figura de Alfonso do Cotón, natural de Negreira, sobresai nun senso particular entre aquel prao escintilante de troveiros, que a tan alto nível souperon erguer a cultura galega no século XII.

O Cancioiro da Vaticana danos a coñecer as composizons de aqueles poetas que ainda oxe non foron avenlaxados nin en forma nin en sentimento. A veira de Martín Codax, o reisenior de Vigo, tan fondo e sentido poeta como delicado estilista, e de Pero da Ponte, cantor épico que soupo acender en estrofas musicaes as glorias do seu tempo, e de Pero Meogo, sentimental e dooredo, en cuios versos se sinten os latexos de un vivo pesar, atopamos tamén as cantigas de Alfonso do Colón, que aparece asimesmo c-os nomes de Affons-Eanes, e Arfons-Eanes de Colón.

N-elas, enxérgase facilmente o espírito racialmente galego do seu autor. Trais das verbas, moitas veces candorosas, e ainda inxenuas, óllase a sorrisa picaresca e socarrona do troveiro que sabe decir i-espresar cousas distintas das que siente i-escribe. Outras vegadas deixase levar da sua franca sinceridade e pinta con calro verbas, cadros de vivo realismo, que alguns xusgan trabucadamente.

O trovelro nigrariense, amóstrase a través das suas composizons, como un formidabre

humorista. Un humorista que se adiantou centurias ao seu tempo. Por iso Alfonso de Cotón non ocupou, nin ocupa ainda oxe, o curro que na lista dos valores galegos por direito propio lle corresponde.

Sin comprehendel-o nin atinguir hasta onde chegaba a sua forte potencia creadora, nin o seu espírito sutilmente irónico, tachouselle de atrevido, por alguns asuntos que trata.

Aos homes non hai que xusgalos por un soio feito, nin por manifestazons eisteriores, que poden trabucar o verdadeiro senso das cousas. O que olla soio o corpo sin acadar a i-alma, non pode decir que coñece a unha persoa. Alfonso do Colón, foi criticado superficialmente por quen non soupo ir más alá das verbas:

O seu espírito fondamente humorístico, fuxiu dos saloucos sentimentais, e dos cantos heróicos, e foi sentir nas verdades de doble fondo a ironía e a compaixón que nas almas comprensivas inspiran. A sua pruma, áxil coma o seu pensamento, escrabellou nos temas onde achou humorismo. Non reparou na cras d-éles. Foi un artista que desprecio as comenencias sociaes. Esta razón pra lle non dar o senxusto merecemento?

O humorismo do troveiro barcalés, ten un carácter puramente nórdico; é serio, fondo e conceitualista; nada de gargalladas, nin de xogos de verbas; cando quere sabe tamén dirixir certeiramente o dardo da sátira, con forte pulo; o seu pensamento val molto mais alá do que din os seus versos.

Ollese senón n-istas estrofas, recolleitas de distintas composizons.

E sabe seus livros sigo fraguer,
como maestre sabe os calar,

e sab'os cadernos ben centar,
qual cōr non sabe por elles leer;
mais bem vos dirá qui quanto custou
todo per conta ca lle x'os comprou,
ora veede se a gram saber. (1)

Pero juro-vos que non sey
ben este Foro de Leon
ca pouc'á que aquí cheguey
mais direy-vos huā razón;
em mha terra per boa fé
a toda molher que prenh'e
logo lhi dizen con baron. (2)

Fernan Gil' em aqui ameaçado
d'un seu rapaz e doestado mal;
e Fernan Gil' feve-sse por desonrado.
cá o rapaz e muy seu natural,
cá e filho d'un vylao de seu padre
e de mais foi criado de ssa madre (3)

N-as «cantigas de amigo», composizons de orixen popular, de fondo lirismo, que cultivaron cáxeque todol-os troveiros meioevales, amósranos Alfonso do Cotón outra das facetas da sua i-alma racial galega: o sentimento. Ninguen poidera adiviñar n-outros escritos saídos da sua pruma, a fina sensibilidade que se abesella a través d-istes versos:

Se grado edes, amigo,
de mi, que gran ben queredes,
falad' agora comigo,
par Deus, e non mo neguedes:

Amigo, ¿por que andades
tan trist'ou por que chorades?

Pois eu non sey como entenda
porque andades coitado,
se Deus me de mal defendea,
queria saber de grado:

Amigo, ¿por que andades
tan trist'ou por que chorades?

Todos andan trebellando
estes con quen vós soedes

trebellar, e vos chorando
par Deus, e que de mi avedes:
Amigo, ¿por que andades
tan triste, ou por que chorades? (1)

Alfonso do Cotón é un dos troveiros mais interesantes do Cancioiro da Vaticana. Si os escritos son os retratos da i-alma, a d-iste poeta enxérgase aventureira e ardenciosa, e-o espírito emigratorio da raza latente no seu fondo.

A vida tranquila e seréa da casa dos seus antergos, sitiña na vella Nicaría, oxe Negreira, non era dabondo pra conter os fortes pulos da sua imaxinación creadora. Deixou os seus eidos e foise a entón brillante corte do Rei Alfonso IX de Leon, alá polos derradeiros anos do século XII.

O seu facil inxenio i-a sorprendente valentía do seu arte debéreron de facer sobresair exixa, ainda ali onde era xuntoiro dos melhores e mais celebrados troveiros da Hespaña de aquel tempo,

Alfonso do Cotón, fivo un íntimo amigo xuglar e discípulo seu, que se chamou Pero da Ponte. Xuntos colaboraron n-unha cantiga (2) que ten a forma de tençón. Xuntos correron aventuras e viaxaron por todal-as terras cristianas da Península. E xurilos estaban n-unha taberna en Cibdá-Real cando de maneira tráxica deixou de vivir o troveiro nicariense.

O Rei Sabio, n-unha cantiga contida no Cancioiro da Vaticana (3) acusa gravemente a Pero da Ponte de plaxiar ao seu mestre can-do dí:

Pero da Ponte, a, señor, gran pecado,
de seus canfares que el foy furtar
a Cotón... etc.

Galicia pódese venagroriar de ter xa no século XII un gran humorista. Alfonso do Cotón, iñorado e cáseque desconocido, e merescente de mais fervor por parte dos seus compatriotas. Adiquémolle a nosa fonda admiración.

MAGARIÑOS NEGREIRA.

(1) Da cantiga número 1116 do Cancioiro da Vaticana.
(2) Idem 1113 idem.

(3) Da cantiga número 1114 do Cancioiro da Vaticana.

(1) Número 412 do Cancioiro da Vaticana.
(2) Número 886 do Cancioiro da Vaticana.
(3) Idem 68 idem.



A VIDA NA BRETAÑA



Pol-o oulo intrés que oxe adequiren os estudos folklóricos en xeral, e encol de todo, - pol-o que a Galiza se refire - a gran importancia que o espírito dos pobos celtas ten pra nós, fai que publiquemos istas notas que son un resumo de varias obras que sinalaremos ao fin.

I

O NASCIMENTO NA BRETAÑA

*A nai - O bautizo - O xantar - Festas
Carreiras - Loitas*

Pra os bretóns, unha muller, cantas vegadas, é nai trócase en persoa cáxeque sagrada. Escrava do seu home e do traballo endexamais dona algúnsa foi tan aloumada como a muller bretona no intre de ser nai.

A ledicia i-os praceres da mocedade, anque d'un xeito distinto, voltan pra ela.

A casa engayólase, éñchese o portal de follaxe, aquel dia ningúén traballa i-os mozos e mozas vislúense os seus traxes de festa.

Hastre os animais participan na ledicia do dia pois acostúmase a bolarles sobre xantar.

Os veciños entran na casa a felicitar á noi - do cristiánio que manda Deus pra que aumente o número de creentes.

Os poetas improvisan belidas composicións adicadas á nai e ó nado i-os padriños chegau todos compostos e moi ufanos pol-o seu rol.

Os amigos da nai acoden a vel-a levándolle froitas e manxares escolleilos e vestindo ó neno cos adovios millores pra que entre ben fermoso na eirexa.

Ponse a comitiva en marcha.

Diante de todos vai o tamborileiro.

Unha amiga ou veciña leva nos brazos ó neno cuberto con veo branco con broslados. Síguen os padriños, os amigos, a xente e detrás de todos moitos probes.

Dempois do bautisteiro volta a música a tocar, láñzanse ó ar algúns foguetes, i-os padriños, no adral botan cartos á piñota ós rapaces i-ós probes.

Xa na casa entrégaselle o neno ó pai e éste dempois de bicarlle na frente, dallo á parida pra que faga o mesmo.

Repítense os versos, a música, as felicitacións e escomenza o gran xantar.

Namentras iste dura - tres ou catro horas - a nai ten que tomar todo o que lle den os presentes e ademais ten que respostar a todas as demandas que se lle fagan.

¡Somentes a forza da muller bretona - tan somellante nisto á galega - pode resistir istes atafegantes aloumamentos poucos momentos dempois de parir!

Dous ou tres días despois disto, cando xa se pode erguer, asiste ás festas que se celebran pol-o nacemento d'un novo bretón. Istas festas son as «carreiras de cabalos» e as «loitas».

As carreiras - a mais antiga e corrente diversión dos bretóns - celebranse en bissarras cheas de pedras e costas onde sexa doido resbalar e onde haxa regalos que mollen ós xinetes inexpertos.

Os que corren poden ser dous ou máis.

Os caballos non levan ningún arreo lós mozos si queren leñen que agarrarse ás crins.

O que primeiro chega leva de premio un ramo de loureiro que logo colga na porta da casa.

Os poetas fanlle versos e pol-a noite mozos e mozas vanllos cantar ó vencedor.

O día seguinte o ramo de loureiro pasa da porta a ser colgado á chimenea ó lado do ramo benzoado de S. Xohan e da escopeta de caza.

Otras vegadas o vencedor regálalle á nai o ramo de loureiro pra que llo amostre ó seu fillo e se afeizoe a iste deporte.

As *loitias* noufrora terribels oxe están convertidas en exercicios de destreza.

Os dous mozos que conveñen en loitar dilo ó alcalde e iste o domingo anterior ó dia da loita comunicaos ós seus administrados. Nun campo ou nunha eira fórmase un circo con unha corda presa a uns paus espelados no chan.

No meio pónense os vellos leitadores que fan de xueces.

Cada leitador ven vestido cunha camisa branca e un calzón corto de cór e deixan en poder dos xueces dous años que ha de selo-o premio da loita.

Denantes de eseomenzar a pelea prométense non empregar meiguerías e loitar con lealtad.

O que triunfa recibe o año do seu nemigo, e dempox de erguel-o duas vegadas valse con él e regálallo á nai que se festexa.

Un detalle que fan certo intrés é o rol que n-estas festas desempeñan os xastres. Como na Galicia - óllase nos contos - o xastre non é considerado na Bretaña como un home calquera, senón que ténelle como ser noxento polo seu caráterístico oficio comopropio das mulleres polo seu caráter amullerado.

Somentes se reúnen co resto dos veciños n-estas festas e iso pra ter conta de que a xente non rompa as cordas e entre no circo da loita.

Pra esto dánelle unhas sartes afumadas coas que dando saltos ameazan ós que tentan rompel-a corda.

Na próxima nota ocupareme do casamento na Bretaña.

R. MARTINEZ LOPEZ

A EDADE DO FERRO NA GALIZA

(Proseguimento)

Da mesma época qu'o tesouro de Melide ouceais un pouco posterior, son os dous brazaletes pechado un e con gravuras de puntos alternadas nas concavidades do gallonado, y aberto, con catro buratos nos estremos e decorado perfo d'eles con liñas de puntos e dentes de lobo o outro, que foron atopados perfo da Gudina juntamente c'unha que pode ser peza d'aprique circular, convexa e decorada con fures angulares poslas ó gelo de cruz (fig. 101).

Fundámonos pra datar iste achádigo na sua semellanza co de Melide, que presenta asimesmo un brazalete gallonado e pechado y-outro aberto e con catro fures nos estremos, na decoración con dentes de lobo, que si ben é cer-

to que perdura en tempos posteriores é caraterística d'algumas cerámicas e manillas da Edade do Bronze, e tamén na peza d'aprique imitante ás cabezas d'alfinete da dita época feitas en gelo de roda (fig. 102) (1) anqu'iste dato sexa cecals de todos o menos seguro por se prolongaren tales representacións d'origen solar deic'os períodos prenamente históricos.

Á veira d'estes oujetos, en col da cula data pódese rezoar fundamentalmente, hai outros que pol-a sinxeleza da sua feitura, ou por apareceren incomprendibles e isolados, non permiten arriscar acerca d'eles ningunha hipótese. Tal ocorre cos brazaletes portugueses d'Arnozella,

(1) Dechelette, Op. cit., pag., 357.

Baralha, Telhões e Barrio. (1) qu'o mesmo poden ser posthallstáticos que pertenceren a unha época anterior. Já qu'o gallonado qu'ostentan duas das manillas d'Arnozella empregouse tamén na cultura dos CastroS, y os outros exemplares non son mais que láminas lisas d'ouro de sección variada, pero que desafian pol-o típico da sua feitura, toda interpretación, concorriendo idénticas circunstancias nos oujetos que Villaamil enumera no seguinte párrafo: «dos de ellos pueden quizá ser objetos completos, constituyendo un brazalete penangular, más ó menos cerrado, formado por trosca varilla cilíndrica, más gruesa en su parte central, dejando un hueco de 0.050 el uno y de 0.065 el otro. Uno de varillas y del grueso mínimo de los anteriores, 0.006 está enroscado, dejando un hueco de 0.015, que bien pudiera ser un anillo y sus remates de los otros dos fragmentos, que tienen labor prolja, pero tosca».

Arredado así do acervo da nosa ourivesaría prerromana os oujetos que non son propios da nosa Edade do Ferro, imos entrar y esaminar aquiles que prenamente lle pertencen.

Os torques. — Sen pararnos a discutir a propiedade ou improledade d'esta denominación, diremos que na arqueología dese tal nome a certos adornos metálicos rígidos y abertos, ás veces de labor retorto, e provistos nalgúns ocasións, d'un gancho ou broche pra pechalos e que serviron pra usar postos no pescoco.

O torques aparece por vez primeira na Irlanda e no NW da Francia, formando parte da rica ourivesaría da Edade do Bronze. Preséntase coma muitos brazaletes da mesma época, constituído por un vástago d'ouro encorvado, retorto en espiral e rematado nos cabos por dous ganchos. Tal feitura que coma logo veremos atopase depois na civilización de la Tene, parece sel-a única que revestiron por entón tales joias. Já qu'outro tipo atopado na Vende, na Côte du Nord e no Finisterra, sen labor retorto, macizo e coberto de gravuras, non se sabe fixamente si pertence ós tempos do bronze ou a séculos posteriores.

Nos jacimentos arqueológicos dos dous períodos hallstáticos, os torques son escasos y os poucos qu'aparecen feitos sólo en bronze

ou en ferro, son filiformes, granulosos e terminados por ganchos ou grosos botós.

Na época de la Tene en troques, as joias d'esta clás chegan a atinguir no mundo céltigo o máisimo do seu desenvolvemento. Usados no la Tene I somentes polas mulleres y os nenos, convirtense despois no século -III segundo Dechelette, (1) en ornamento varonil. Lévanos os soldados que combaten na pirmeira liña na batalla de Telamon; lévao o xefe morto por Tito Manlio, e nas trágicas esculturas helenísticas de Galos vencidos na estatua do Capitolio, na estatuña do Museu de Berlin, nos relevos da viña Ammendola, o pescoco dos rexos guerreiros bárbaros, está por eles rodeada. E nas necrópolis da mesma época e principalmente en sepulturas de mulleres, atopáronse os millores exemplares feitos de bronce ou d'ouro, co antigo labor retorto ás veces, e cincelados outras co-a arte maravillosa qu'a sombrou ó noso Villaamil no Museu de Tolosa.

Sen tantos primores ornamentais, mais sínxelos, mais rudos, pero contemporáneos dos tempos de la Tene, son os nosos torques gallegos. Semellantes ás ós outros na sua forma, case sempre mais grossa no centro que nos cabos, na sua sección circular ou romboidal, nos seus remates en ladrás ou perillós, semellantes tamén no seu adorno e misturados ademais nos distintos exemplares todos istos carauterías, denuncian ás craves pertenceren á mesma época e serenados d'idéntico espírito, sendo d'abondo qu'un soilo d'eles sexa datado pra qu'os demais o sexan igualmente, y anque non se poidan colocar nos grados d'unha evolución, que quedan pol-o menos encaixados n'un único marco cultural.

E prasinar estas joias á civilización dos CastroS, hai datos mais que d'abondo. As estatuas de guerreiros, qu'apesares da sua rudeza artística, tan bós servizos leñen prestado á nosa protohistoria, locen o torques no seu pescoco, os labores ornamentais que s'ouservan nalgúns d'eles (semicírculos concéntricos, liñas curvas que se cruzan, estrelas de seis puntas) ousérvanse tamén nas pedras esculpidas e nas cerámicas castrejas, e derradelamente, e coma testemoyos irrebatíveis, o torques de

(1) Portugal, I., II.

(1) Op. cit., pag., 1.210.

Lebuçao (1) aparece juntamente co-a famosa armilla compendio da arte decorativa do noso posthallstáttico, e na croa de Riotorto e no Castro de Masma, son atopados novos exemplares na compañía d'unha febilla' aberia e d'unha fibula de timbal.

E istes nosos torques, a mais de perteneçer á cultura dos Castro, son escrusivos d'ela. A sua área geográfica redúcese ás nossas terras galegas y-á N de Portugal, irradiando esporadicamente nas regiós limitrofes do val do Tajo, León y-Asturias, mais fallando en ausoluto no posthallstáttico castelán.

Pr'espriçar esta chocante particularidade, Bosch Gimpera (2) arrisca a hipótese d'un influxo de la Tene chegado a Galiza por via marítima dend'a Inglaterra y-a Bretaña, pero ainda deixando a un lado o feito de qu'as relacións culturais d'aquellos países co noso parecer ter sido moi anteriores e que de persistir nos tempos do ferro acusariase d'igual maneira que nos torques no resto do utilage galego, teríamos sempre coma fixo notar Villaamil, qu'os nosos colares ríxidos parécense demasiado pouco na sua feitura e técnica ornamental ós franceses pra que poidamos dar por boa a espriçación do sabio profesor catalán.

E unha vez rechazada a sua hipótese, o problema fica reducido a dous termos: ou a presumpcional existencia d'unha tradición anterior, continuada na civilización dos Castro, ou a supor qu'os Celtas trouxeron consigo o germe, digámolo así, dos torques, germe que non atopando condicións de desenvolvemento morreu en Castela, e qu'eiquí, gracias á fartura ourifera dos nosos ríos, atingueu o desenvolvimento que hoxe ademiramos, sendo moi dino de se ter en conta a iste respecto, o feito de que fora da Península, en prena cultura de la Tene, tres joias aparecen de preferencia e case escrusivamente, na Aquitania, no val do Rhin e na Irlanda, regiós d'aquela ricas en ouro, coma faiam o era a Galiza.

Das duas suposiciós sinaladas, a segunda anque ten na sua contra a escasez de torques nos dous períodos hallstattianos, é por varias razós a que nos parece mais verosimil.

Primeiramente, en ningún tesouro, en nin-

gún depósito de machados ou d'armas da nosa Edade de Bronze teñen aparecido joias d'esta clás nin oujeto ningún que se lles asemelle. Os mesmos colares de labor retorto que poderan relacionarse co-as pezas análogas do Bronze irlandés e bretón, atopáronse elqui na Croa de Riotorto e no Cruceiro da Cruña juntamente c'outros torques de feitura lisa y-arrematados pol-as carauterísticas perillas qu'os tentan asimesmo os exemplares cuia filiación do ferro quedou já demostrada.

Pero non é esto soilo. Anque escaso d'eles, no Hallstatt atopápanse taes ornamentos. Son coma já se dixo denantes sinxelos vásagos de sección circular, sen remate, ou rematados en ganchos, bulas ou engrosamentos provistos d'unha fura. Pois ben, tipos moi imitantes a istos atopáronse, senon na Galiza, polos menos nas terras irmás d'Alén-Miño. Os exemplares de Serraces, d'Almester e de Malhadá (1) (fig. 103) asemellanse respectivamente ós de Statzendorf, Saint Sulpice e Armbergkopf (fig. 104) (2) nos remates con ensanchamentos furados, en ganchos con fio d'unión e na ausencia de remates, sendo carauter común a todos eles certa facies arcaica qu'os aprou-sima de grito indubidavele. (3)

E unha vez comprobadas taes semellanzas, e probada tamén a orixe hallstattica da nosa cultura castrexa, podemos asegurar qu'os torques com'as espadas d'anienas, com'as fibulas de botón, son oujetos importados en Galiza polos Celtas e n'ela desenrolados con ausoluta autonomía da civilización de la Tene, debéndose considerar ós citados exemplares portugueses com'as primeiras formas indígenas dos colares rígidos evolucionados mais tarde hasta crear os tipos correntes na nosa ourivesaria protohistórica.

O agrupar istos tipos de torques galegos dentro dos marcos d'unha clasificación, é empreza pouco menos qu'imposible. Os elementos que poden servir pra caracterizalos, sección, forma dos remates, grito da decoración, mistúranse de tal maneira nos distintos exemplares

(1) Portugalia, I., II.

(2) Dechelette, Op. cit., I., II.

(3) Na sepultura d'Exploradores, en Castellón, apareceu un collar de bronce de tipo moi imitante o do torques portugues d'Almester, Bosch (Els Problemes arqueològics de la província de Castelló, B. de la Socieda Castellonense de cultura, I., prg., 107) qu'a sua presencia e debida a influencia dos Berberes e tanto nos séculos VI e V dencentes de J. C., co que ben en certo gerto se arrostrar o noso punto de vista.

(1) Portugalia, I., II.

(2) Los Celos, pag., 41.

res, que toda agrupación tipológica teria que resultar sempre escura e pouco esalta.

Por elo, e sin perjuizo de facer despois algunhas consideracions en col d'iste asunto, daremos en vez d'un cadro clasificador, unha lista dos achádegos por nós coñecidos.

D'esta lista escruimons dende logo a joia atopada perto d'Allariz a que Barros Sibelo chama torques, especie de crecente áureo formado por duas meias canas que limitan unha superficie con calados feitos á lima por estimar que tal joia non é torques e creer que pertence a época posterior á Edade do Ferro y-o oujeto alcontrado en Ceredo e mencionado por Saralegui, de cuya feitura e detalles non podemos formarnos idea crara nin pol-o dibuxo que ven nos *Estudios sobre la Época Céltiga*, nin pol-as escassas verbas que ll'adica o seu autor, anque cecais sexa posívele qu'esta joia aprósime mais á comentada por Barros Sibelo qu'os verdadeiros torques.

Prescindindo d'istes dous elementos, e tirando do tantas veces citado artigo de Villaamil sobr'a metalurgia galega, podemos redauital-o seguinte inventario d'achádegos:

Número 1, alcontrado perto de Mondoñedo.

NÓS

De prata, con labor retorto, do que saen pra fora tres lazos en figura d'oitio. Remates en ganchos (fig. 105).

Número 2, de Marzáñ (Foz). D'ouro coma todolos demais que van a continuación. Coberto nos dous tercios inferiores por un aramio enrolado en espiral, e decorado na parte central ispida d'il. por liñas curvas de filigrana que se cruzan formando unha riola seguida de circos. Remates en dobre escocia (fig. 106).

Número 3, da Recadieira (Mondoñedo). Sección circular e igual en todo ó anterior, soillo que sen ornamentación no centro.

Número 4, da Recadieira. Oco, liso, sección romboidal, remate en dobre escocia.

Número 5, de Melide. Idéntico ó anterior.

Número 6, de lugar desconocido da provincia de Lugo. Varios torques incompletos, dous de sección romboidal e con decorado a trazo e dentes, formado con puntos. Todos iles con remates en dobre escocia, presentando un d-cles, unha estrela de seis puntas grabada no disco exterior.

Número 7, de Melide, tres exemplares incompletos, lisos, sección romboidal con remates en landras.

Continuaráse

Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza

(C O N T O S)

Mais consideracions en col dos contos dos xastres

No noso número 29 fixemos, a seguidas dos oito contos de xastres que levamos publicado deic'agora, un comentario xeral tocantes á representación e conceito popular dos xastres, no folk-lore e na vida rural galega. Fagüiamos ali referencia ó dito corrente de que: *Sete xastres fan un home*. Recollimos despois outra variante, que é a seguinte:

Seis xastres fan un home,
Catorce fan un testigo,
E fan falla vintecinco
Para firmar un recibo.

Concordante no senso co-esta outra, qu'ouvímos cantar a un ego:

Para ladróns son os xastres,
Tramposos, os zapateiros,
Pra putafieiros os cegos,
E borrachos, os gaileiros.

O conceito de que sete xastres fan un home, atopámolo idéntico en Bretaña, somentes qu'ali non son sete, senón nove os que comprenden. «En Basse-Bretagne – refire Hersart de la Villemarqué, no seu *Barzaz-Breiz* (argumento da cántiga *Ar Chorred* (os enanos) – on dit encore proverbialment, qu'il faut neuf tailleur pour faire un homme, et personne jamais ne

prononce leur nom, sans ôter son chapeau e sans ajouter: «sauf votre respect». Engade o sabio bretón qu'o laguer bulra dos xastres se non fal somentes na Bretaña, mais tamén no país de Gales, na Irlanda, na Escocia e n-Alemaña. Il aponillo ó desprezo das razas guerreiras pol-a vida pousona dos xastres, e a aparenzia femenina do seu mestre.

Non deixá de ser intresante pra nós irmos atopando no folk-lore istes paralelos co dos outros pobos da nosa raza, com'outros os atopan na arqueoloxía, nas tradicíos, etc.

V. R.

A besta perdida

Un rapaz foi unha vez levar a besta ao monte; deixouna no mato logo de lle poñer a solta e agachou as cadeas a rente d'un pino macho que medraba entromedias das silvas d'unha gavia.

Despois de cortar un feixe d'herba no prado, abrillle aos regos, e facer outros laboriños, voltou en procura da besta, mais xa non deu co'ela. Cacheou o mato; berrou a chamar pol-o animal, e cando, xa canso, coidábea perdido encomenzou á layarse:

— ¡Ai, probe de min, que perdiñ a besta! ¡Onde irá a miña «Cuca»!

Nesto sentiu o aletexo d'un grande paxaro. Era un corvo, que se pousou nun guello d'un pino.

O rapaz repetiu nun choro:

— ¡Onde irá a miña «Cuca»!

Daquela o corvo puxose á berrar.

— ¡Comina, comiina!

Ergueu a vista o rapaz, abrayado. Mais logo tivo un súpito pensamento, e perguntou berrando canto pudo:

— ¡E iba con albarca, ou sen ela?

— ¡Cooeela, cooeela — dixo o paxaro.

— Amolácheste, que non era a miña! Ceibou o rapaz nunha gargallada.

Recollido en San Xian de Sergude por L. C.

Probe de min e mais de outro

Unha vegada hachábanse ceando un matrimonio porfián que por calquer parvada terquinaban coma tolos.

Aquela noite na casa non había mais que tres hovos e como un deles quixo tomar dous e o outro tamén escomenzou a disputa, chega-

ron a alcumarse e a muller n'un intre de xenio mal confido pegoulle na cachola tal pauzao ó seu marido que o fixo caer sin senso no chan e quedou como morto.

Tan morto que no cadaleito levárono á igrexa pra lle rezar os responsos.

Aconteceu que entre os cregos cantores había un coxo que era o director dos de unha das bandas.

E no meio do responso voltou en si o home e ainda coa mesma ideia en col dos hovos berrou:

— ¡Hei de comer dous!

Empezaron todolos cregos e a xente a fuxir como lebres abrayados pol-o medo mais o coxo como non podía correr ó tempo que tratava tamén de fuxir iba dicindo:

— ¡Probe de min e mais de outro!

Recollido en Boiro R. M. L.

O zapateiro dos veladoiros (1)

SEMPRE que morría alguén na aldea pedía lle o zapateiro ó sacerdote que o deixara quedar na igrexa a carón do cadavre, pois decía que non era ben que estivese tan soilo a noite entera e faltándolle pouco pra botalo na cova.

Tan boas e humanitarias razas non convenían o sacerdote e unha noite quixo saber o que facía o zapateiro na igrexa e pra iso meteu-se por embaixo das táboas onde estaba o cadaleito co cadavre vestido de fraude e cheo de malvas de olor e veu como o zapateiro poñíase a carón d'unha das catro velas e comenzaba a traballar o mesmo que si estuvese na sua casa non sin antes haber traído a mesa e todolos estromentos do oficio. Destoncas o sacerdote quixolle dar un suspiro e escomenzou a mover as táboas que tiña enriba.

O zapateiro todo cheo de medo inda tuvo a valentía de decir dirixindose ó cadavre:

— Estate quedo ou froche coa soilla!

Mais o sacerdote non lle fixo caso e voltou a mover as táboas e a soplar ás velas ó que o zapateiro xa casi morto reprocou que se estuvese quedo que o non deixaba traballar.

Entón o sacerdote tirou n'un intre coas velas e quedou a igrexa as escures escomenzando a

(1) Iste ven ser unha variante do que publicamos no número 26 co título de *Arriba difuntos*, enquanto o caso que aquí se conta é outro diferente.

correr o zapateiro para a porta pero tan abraçado estaba que non daba co burato da fechadura e sin saber o que decía berrou.

¡Acodide aquí difuntos!

Ao que o sacristán que se estaba rindo a gorgolladas repricou imitando a voz dos mortos ¡Alá vamos todos xuntos!

Ao mancer ó ir o crego a decir misa atopouse co zapateiro morto ao pe da porta coa chave fortemente collida nunha man.

Recollido no concello de Boiro por R. M. L.

NOTAS EN COL DA FESTA DE LAZA 3 MAYO

TODOLOS anos noméase pra iste un Adán e mais unha Eva. O Adán é costume sexa un home vello e doado pra facer rire, a Eva ha de ser a rapaza mais bonita do lugar, cada ano distinta.

A Eva vai vestida toda de branco, cun traxe moi carregado d'adornos, co cabelo longo e

NOS

soltos, unha ginalda de froles e un cestíño de mazás.

O Adán con túnica branca, solta, e adornada con follas de fogueira.

A festa é pola mañán. O Adán cos danzantes, vai buscal a Eva a unha cova na praza, e todos xuntos van alé a porta da igrexa donde agardan a saída da procesión, pónense ó frenite d'ela namentres ela dure, e dimpois o Adán acompaña a Eva alé a sua casa donde a deixá, dimpois de beilar na praza.

Cando o Adán vai en percusa da Eva, ó sair ésta ponse a beilar diante d'ela fagendo piñuelas pra ver de que a Eva se ría, ésta non pode rir e sin rir ten que estar até que chegue de volta da procesión á sua casa.

Na praza os mozos prantian o árbore mais oulo que podan atopar, vanno buscar oito días denantes na festa e iráenno a lombo.

M. FUENTES CANAL

OS HOMES, OS FEITOS AS VERBAS

LIBROS

GUÍA DE GALICIA, por RAMÓN OTERO PEDRAYO, Madrid, Calpe, 1926.

VELEIQUI que cumplía, hoxe que Galiza emprincipia a sua vida de centro de turismo. A xente pedía hai tempo unha GUÍA DE GALICIA, coma pide un diccionario galego. A GUÍA de Otero, ha servir de podente axuda a cantes forasteiros ou da Terra, queiran coñecer ben Galiza. É unha sorte de sintética encyclopedie onde s'atopa en resumo tanto foco á nosa xeografía física e humán, historia, literatura, arte, etc. É esto, sen ser mais qu'unha Guía, se non propón outra cousa — manifesta o autor no prólogo — que ser un libro que sirva d'amigo e compaña do viaxeiro que chegue a Galiza co espírito aberto ás suas belezas naturais e artísticas, ás suas realidades presentes e pasadas. É polo tanto, ou quer ser, un libro de estríuta utilidade, e principalmente pa'os d'affora, pra orientar ó forasteiro na coñecencia directa do corpo e da alma de Galiza. Unha Guía com'as Guías Baedeker. Xa esto ten mérito en si. A renaceencia galega do século

pasado figuera algún intento d'esto, com'a GUÍA DE GALICIA de Cesáreo Rivera, hoxe de ben escasa utilidade; en froques a renaceencia actual apesar de ser hoxe mais sentida a necesidade, nonos ofrecera ainda ningún emprendimento serio, fora da recentísima de D. Heliodoro Gallego, referente sólo ó percorrido dos camíños de ferro, cando agora o movemento de viaxeiros faise principalmente pol-as estradas, e algunha que outra Guía local, com'a de Santiago de Román López. Mais ningunha Guía completa de Galiza.

Ora, a de Ramón Otero ten un espírito ben mais ergueito e unha quentura ben diferente qu'a das millores Guías qu'o tráfico internacional pon nas maus de turistas e pelegrinantes, por ben feitas qu'estean. Non é un lépido catálogo de moimentos, hoteles, paisaxes e evocacions históricas. Alinda concebida e executada no feito e disposición consagrada pr'esta caste de publicacions — cousa obrigada pola precisión de meter en menos de 500 páxinas o que podía encher moitos volumes — vése n'il aixiña, non somentes ó home de cencia que sabe a un tempo ver e interpretal-as formas e as cousas da paisaxe, os estilos e o espírito

dos moimentos e a sua significanza histórica, os feitos humáns e os sentimentos e concecios fondas tendenzas qu'os moven, e ó artista, ó home de superior sensibilidade, que siente co-a y-alma inteira, aguda e esperta coma poucas, a terra cujos aspectos pinta e a raza cuias obras descreve. E siente unha e outra, e querelles, non co amor puramente romántico con qu'un ama a terra allea qu'un percorre, ou co-a simpatia un pouco curiosa con qu'un aína ás outras xentes con qu'un convive, senón coma fillo que é d'esta Terra e continuador do sangue e da obra da raza que nela vive, por iso, Ramón Otero ha ser pr'fo foresteiro qu'entre por Galiza adiante co seu libro na mao, non o monófono cicerone paroileiro, que repilo que sabe da esterioridade das cousas, senón o señor qu'amostra ó hóspede a sua propia casa, gasalleiro e cordial.

Despois dunha descripción da Terra galega, nos seus aspectos xeolóxico, fislográfico, antropoxeográfico, económico e ademirativo, d'una absoluta novedade, cheo d'ideas e preciacións ainda non ditas por ningúen, e no que é notabre o capítulo dedicado á paisaxe, trai en 36 páxinas, unha cumprida síntese histórica, que recolle moitas cousas de historia interna e social dos séculos derradeiros, e despois un sustancioso resumo do referente á Arte e Literatura. Todo esto forma a *Parte xeral*, que ten 136 páxinas, sendo a mais pequena. A *Parte descriptiva*, feita en itinerarios, partindo da liña do camiño de ferro do Norte, e logo dend'as vilas principais, pol-a terra adiante sen esquecer sitio ningún que teña interés histórico, monumental, comercial ou pintoresco. A paisaxe ten de cote o seu papel, tantas veadas deixado de mau polos autores. Mapas, planos de poblacions, fotografías de moimentos, cidades e paisaxes, inzan o volume pr'escreveren as alusións do testo.

É libro que hase faguer preciso, non somente a todolos viaxeiros que venan a Galiza, senón a todolos galegos amantes da sua Terra.

LETRES PORTUGUESAS

AS OBRAS PÓSTUMAS DE EÇA DE QUEIROZ

ACABAMOS de ler «O Conde d'Abrahos», notas biográficas por Z. Zagallo, a obra ultimamente publicada do ademirado Eça de Queiroz, o maior romance s'a portugués, e o mais coñecido tamén dos galegos no idioma orixinal.

Esta novela amóstranos a espontaneidade, a limpidez con que escribia o primeiro novelista peninsular do século XIX, posto que tratándose sómente de un borrador escrito a lapis de primeira intención, un simple esbozo como advirte na introducción seu fill Xosé María, ten

mesmo así un grande interés e beleza, ten sober todo vigorosos trazos do xenial humorismo que resuman as humanísimas e reales páxinas de todalas suas obras.

No mesmo volume figura tamén un conto tráxico «A Catástrofe», que produz unha fonda impresión, unha emoción que, despois da pasada grande guerra, comprenderse inda mellor en toda a sua intensidade estarcedorra.

Despois d'esta obra e de «A Capital», tamén xa publicada, anúncianse cinco volumes más: «Alves e C.», *A tragedia da rua das Flores*, *Páginas esquecidas*, *Notas de viagem* e *Correspondencia*. Todas elas, embora non sexan obras perfeitas, acabadas, pois que faltalles o cuidadoso e detido ensamblado do seu autor para retocá-las, corregí-las, enmenda-las, con toda aquela pulcritude con que o inesquecido Eça de Queiroz aperfeiçoaba os seus traballos denantes de os dar ao prelo para seren lanzados ao público, son d'unha grandísima importancia para as letras lusitanas.

Alguen temeu que a publicación d'estas obras inéditas do namorado da perfección, poideran embazar, mais ber que lle dar un novo espendor, o nome glorioso de Eça de Queiroz. Dende logo que elas non han de engadir mais loureiros á sona do autor d'aquel maravilloso *Crime do Padre Amaro*, mais para os que admiramos o romancista extraordinario, e os que sentimos tamén aficións literarias, esas obras descoñecidas que agora foron descubertas teñen un grande valer; o valer que todalas obras de Eça de Queiroz empechan pola sinxeleza, pola grande naturalidade con que foron escritas por aquel grande creador que trazou páxinas de vida verdadeira, alegradas de poesía e de humanismo; e teñen tamén o mérito de nos amostrar a forma inicial como o grande artista esbozaba as suas novelas para despois, nun traballo quizaves mais intenso, adoa-las, modificalas, ata chegar á perfección con que as amostraba por romate nas libretas.

O Conde d'Abrahos tiña sido escrita no ano 79 durante a estancia do romancista en Dinan, e levou logo oculta, esquecida, corenta e cinco anos, ata que por fin descobriuna no Río Xaneiro o fillo de Ramalho Ortigão entre diversos papéis do pai, que, como é sabido, era íntimo amigo de Eça de Queiroz, e colaborara co ele n'aquela primeira romance *O Misterio da Estrada de Cintra* que sen plano, sen método, sen documentos, sen se pôr d'acordo, escribiron e publicaron en folletín no «Diario de Notícias», un en Lisboa e o outro en Leiria enviando cada un as suas llanas directamente á imprensa.

Como admiradores de Eça de Queiroz veamos con ledicia a aparición d'estes novos volumes.

LEANDRO CARRÉ

PEDRO BOSCH GIMPERA. LA PRE-HISTORIA DE LOS IBEROS Y LA ETNOLOGIA VASCA. Publicación de Eusko Ikaskuntza. Sociedad de Estudios Vascos. San Sebastián, 1926.

O pobo vasco segue preocupando os investigadores. Despois das publicacions liguristas de Schulten e do traballo de Schuchardt en col da decrinación vasca venen de aparecer tres novas contribucions o estudo de aquela lingua: unha de Meyer-Lübke, outra de Unlenbeck e outra do profesor de Leningrado N. Marr.

Bosch Gimpera levando na man o seu feixe de feitos arqueolóxicos e antropolóxicos, sai o encontro dos lingüistas, companga o que se pode compangar e afasta o que é incompatible cas concruscios rexamente establecidas.

O pobo pirenaico antecesor do vasco, ocupaba polo menos dende o neolítico a zona montesina que vai da Cantabria a veiramar da provincia de Girona. A personalidade de iste pobo, sinalase no neolítico, cultura das covas; no eneolítico, cultura pirenaica; na Idade do Ferro, non iberismo dos Indigetas, Ceteras, Ausoceretas e Ausetanos e ainda no xeito de comportarse na Reconquista os condados pirenaicos.

O pobo vasco non se misturou endexamais fondamente cos iberos, embora recibise de lles e por meio do bordo setentrional da cultura de Almería todos aqueles elementos que trasformaron a sua vida de peregrinos introducindo o mesmo tempo que os ouxetas, ideias e conceitos que precisaron pra sua expresión verbas e formas tomadas da lingua do pobo importador, cousa que viria espricar a iberización de abondo forte que sofríu o idioma euskaro.

Arreda dende logo Bosch, toda idea de unha proixima unidade de orixe entre os vascos e certos pobos do Cáucaso, cousa que coidaría Marr, por resultar incompatible cos feitos

NÓS
arqueolóxicos unha emigración de caucásicos que atingiu a nosa península.

Ó diferenzar arqueolóxicamente os iberos dos pirenaicos, estuda o ilustre profesor catalán, a orixe africana da cultura de Almería, pondoa en comparanza ca civilización neolítica do norte do Sahara.

É de tal xeito suxestivo iste estudo e tan numerosos os elementos aportados recentemente por Froebenius en col da África setentrional, que temos a segurana de que o mestre Bosch Gimpera non deixara de emprendelo estesamente e coa sabenza, siso e método a que de cote nos ten afellos.

F. L. C.

P. BOSCH GIMPERA E L. PERICOT, LES CIVILISATIONS DE LA PENINSULE IBERIQUE PENDANT LE NEOLITHIQUE ET L'ENEOLITHIQUE, extr. de l'Anthropologie, vol. XXXV, 1925.

E unha sistematización de istos interesantes períodos feita a base dos fundamentais estudos publicados xo polo autores noutros libros e revistas, embora aparezan agora complementados os datos poloas derradeiras descubertas arqueolóxicas e antropolóxicas.

Achase dividido este traballo nos capítulos seguintes: Introduction, Les âges antérieurs au néolithique final et les peuples du Paléolithique supérieur, La Civilisation Occidentale de la Péninsule, La Civilisation Centrale, La Civilisation d'Almeria, La Civilisation Pyrénéenne, Le commencement de l'âge du Bronze: La Civilisation d'El Argar et son influence dans la Péninsule, L'Anthropologie de la Péninsule pendant le Néolithique et l'Eneolithique.

Coidamos inutei engadir nin unha soia verba pra gabar a importancia e intrés de iste folleto, ben patentes nos títulos dos capítulos e nos nomes dos autores.

F. L. C.

Imprenta LAR. Real, 36 - A CRUÑA



Dr. MOSTEIRO

MÉDICO ODONTOLOGO

Medicina e Cirugía da boca -- Electricidad -- Rayos X

A Clínica Dental mais completa de Galicia

SÁNCHEZ BREGUA, 51º

A CRUÑA

XASTRERÍA
CRECENTE IRMANS



A MILLOR DE GALICIA

REAL, 28

A CRUÑA

Apartado 67

Teléfono urbano 78
Id. interurbano 49

Fernández, Torres e C.^a

FERROS -- ACEIROS -- FERRETEIRIA
MAQUINARIA AGRÍCOLA

Linares Rivas, 12

A CRUÑA

LUIS FÁBREGA

MERQUE VOSTEDE

DROGUERIA E FARMACIA

Plumeiros RAFIUM

Progreso esquina a Luis Espada

De mais dura qu'os de pruma e limpa millor
Véndense en todolos estabreclimentos do ramo

OURENSE

Andrés Perille - OURENSE

Reloxería ZENITH

Máquinas parlantes, Discos, Agullas
e Accesorios

M. Calviño

OURENSE



A mais económica de Galicia

M E R Q U E V O S T E D E

SÍNTÈSE XEOGRÁFICA DE GALICIA
por Ramón Otero Pedrayo

SANATORIO QUIRURJICO

DIRETORES

Manuel Peña Rey

José Mosquera Blanco

Ginecología e Partos

Cirugía geral

Especialista na gorxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Crucero, ten todolos condicíos precisos.—Practicase todo crás d'operacíos.—Dotado de todolos aparellos que pide a actual Cirugía.—Modernas instalacíos de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fondo con voltaxe de 250.000 voltios.—Aparello de Diatermia pra tratamiento de Auexiles, procesos inflamatorios, reumatismo, etcétera.—Lámpara de cuarzo pra sol d'altitude e ultra-violeta pra tratamiento d'escrofulosis, raquitismo, alopecia, eczemas, etcétera.—Admitense embarazadas, e cóntese con material esterilizado pra forma de cibade en casos d'urgencia.—Poden colaboraren todolos compañeiros, previo consentimento dos directores.

BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS Blanco BRILLANTE, LOS GALLEGOS blanco e tinto
Macia e Valeiras, Apartado 18 -- Ourense

Augas bicarbonatado-sódicas de
MONDARIZ



FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das
estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño
O Hotel do Estabreimento está aberto do 1.^o de Mayo a 31 de Octubre

1000

F. ROMAN E SACO
DROGUERIA
e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

A DEQUIRA
SÍNTESIS XEOLÓGICA
DE: GALICIA: POR: R.
OTERO: PEDRÁYO

TRES pesetas

S I L L E I N T R E S A
O M A R I S C A L

Lénda tráxica-histórica por

Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte

Pídalo á Ademinstiración de LAR Real, 36 1.º - A Cruña 3'50 pesetas